

III CARREIRA CORRENDO POLA VÍA KÜNIG



REGULAMENTO

Artigo 1: Organización:

O Concello de Baralla, o Concello de O Corgo e a Asociación Cultural Vía Küinig organizan a III Carreira e Andaina CORRENDO POLA VÍA KÜNIG.

A proba organizarase o **Domingo 14 de Xullo**, con saída dende a Casa do Concello de Baralla e meta no Castro de Castrillón do Concello de O Corgo.

Artigo 2: Participación:

A proba estará aberta a tódolos atletas e camiñantes sen distinción de sexo ou nacionalidade. Cada participante, participa baixo a súa responsabilidade e dispón de condición física suficiente para rematar a proba.

Artigo 3: Percorrido, categorías e horarios: (adxúntase plano do percorrido)

O **circuito de 18 km** será sobre pistas de terra na súa maioría, e estará controlado por vehículos da organización. A saída será dende a Casa do Concello de Baralla e a meta no Castro de Castrillón do Concello de O Corgo.

A organización poñerá a disposición dos participantes na proba un servizo de autobuses para trasladar aos deportistas dende a meta no Castro de Castrillón do Corgo ata á saída na Casa do Concello de Baralla tanto antes do comezo da carreira coma ao finalizar a mesma.

O servizo de autobuses comezará ás 08:30, sendo o último servizo ás 10:00h

HORARIO

CATEGORÍA	ANO NACEMENTO	HORARIO	DISTANCIA
SENIOR	18 a 34 anos	11:00 h	18 km
MÁSTER A	35-44 anos	11:00 h	18 km
MÁSTER B	45-54 anos	11:00 h	18 km
MÁSTER C	55 anos en diante	11:00 h	18 km
ANDAINA	Todas as idades	10.00 h	18 km

Artigo 4: Peche de control:

O control de chegada na proba absoluta pecharase **120'** despois da saída da mesma.

Artigo 5: Inscripción:

A inscrición farase exclusivamente a través da páxina de **CHAMPIONCHIPNORTE** <https://ccnorte.com/>
Os dereitos de inscrición terán un custe de 5€ ata o 30 de xuño, e de 10€ do 01 de xullo ao 10 de xullo, tanto para corredores como para camiñantes.

Artigo 6: Condicións de Participación:

- **A inscrición pecharase o mércores 10 de xullo ás 23:59 horas.**
- A inscrición na proba é persoal e intransferible.
- A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón:
- Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.
- No caso de que xurda algunha dúbida ou discrepancia acerca do regulamento, a decisión quedará en man da organización.

Serán motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:

- Non respectar as indicacións dadas pola organización.
- Non realizar todo o circuíto da carreira.
- Non levar o chip e o dorsal ou a manipulación dos mesmos.
- Falsificar datos persoais.

Artigo 7: Retirada de Dorsáis:

Os dorsais retiraranse o venres pola tarde na tenda de deportes de "Atmosfera Sport A Chaira" sita na rúa Salvador de Madariaga de Lugo e o día da proba na praza maior do Concello de Baralla, ata 30' antes da saída de cada proba proba.

Artigo 8: Premios:

- Trofeo aos tres primeiros clasificados masculinos e femininos da carreira absoluta.
- **PREMIOS EN METÁLICO:**
 - Primeiro/a: 150 €
 - Segundo/a: 100 €
 - Terceiro/a: 75 €
- Trofeo aos tres primeiros clasificados de cada categoría masculinos e femininos.
- Trofeo conmemorativo a primeiro/a clasificado/a **empadroad@s nos Concello do Corgo e de Baralla.**
- A cerimonia de premiación será ás 13:15h na zona de meta.
- A andaina non terá premios

Artigo 9: Servizos para os participantes:

Os participantes gozarán dos seguintes servizos antes, durante e despois da carreira.

1. Aparcadoiro gratuito.
2. Servizo de Buses dende a zona de meta á saída tanto antes do comezo da carreira como ao finalizar a mesma.
3. Baños na zona de saída-chegada.
4. **Camiseta para todos os participantes.**
5. Aperitivos ao finalizar á carreira.
6. Recollida anticipada de dorsais, imperdibeis e chips.
7. Vestiarios e duchas no Campo Municipal de Fútbol do Corgo (a 750m da meta)
8. Avituallamento líquido e sólido ao final de cada carreira para todos os participantes.
9. **Avituallamento líquido nos kms 4, 9 e 13 aprox.**
10. Ambulancia (todos os accidentes acontecidos deberán ser previamente informados ao organizador da proba e o traslado do ferido, se fose necesario, será para os centros sanitarios que teñan convenio ca compañía de seguros que corresponda).
- 11.

Artigo 10: Seguro:

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba.

Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

Organizan: Concello de Baralla, Concello de O Corgo e Asociación Cultural Vía Künig



Colaboran: Torre de Núñez, Correduría seguros Nubeiro, Limpergal, Río de Galicia

